

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMGZIOMN	<i>Expediente</i> CON/54/2014	<i>Fecha</i> 19-03-15 10:49

Número 7 .- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á adxudicación do contrato de "Servizo para a xestión dos expedientes sancionadores por infraccións en materias xestionadas polos servizos integrados na área de Desenvolvemento Urbano e Sostible" á empresa Servalbro, S.L.

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 19 de marzo de 2015 adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 7 .- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA DE DESENVOLVEMENTO URBANO E SOSTIBLE RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE "SERVIZO PARA A XESTIÓN DOS EXPEDIENTES SANCIONADORES POR INFRACCIÓNS EN MATERIAS XESTIONADAS POLOS SERVIZOS INTEGRADOS NA ÁREA DE DESENVOLVEMENTO URBANO E SOSTIBLE" Á EMPRESA SERVALBRO, S.L.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do informe-proposta, de data 9 de marzo de 2015, do director xurídico da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible, conformado coa mesma data pola Concelleira Delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible. Así mesmo, do informe favorable nº 2015/148 de data 16.3.15, da técnico de Intervención, conformado pola Viceinterventora Municipal.

O devandito informe-proposta é do seguinte teor literal:

"EXPEDIENTE: Servizo para a xestión dos expedientes sancionadores por infraccións en materias xestionadas polos servizos integrados na área de Desenvolvemento Urbano e Sostible

ASUNTO: Adxudicación do contrato a SERVALBRO, S.L.

ANTECEDENTES:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMGZIOMN	<i>Expediente</i> CON/54/2014	<i>Fecha</i> 19-03-15 10:49

Primeiro: Con data 2/2/2015 celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador SERVALBRO, S.L.

Segundo: O concelleiro delegado de contratación, mediante resolución 2/2/2015 require a SERVALBRO, S.L. para que aporte como trámite previo á adxudicación do contrato:

- Documentación xustificativa de estar ó corrente nas súas obrigas tributarias e de seguridade social
- Documentación acreditativa da súa solvencia económica e técnica
- Documentación acreditativa da súa capacidade de obrar
- Xustificación do pagamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes

Terceiro: Con data 9/3/2015 celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia e conforme ao acordado coa mesa de contratación de data 2/2/2015 procede realizar a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Adxudicar o contrato de referencia a favor de **SERVALBRO, S.L.**, que oferta unha porcentaxe do 25% a aplicar sobre o importe de tódolos cobros realizados en período voluntario ou forzoso de pago, ó ser a máis vantaxosa das presentadas.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **050 15100 22708**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2015: 30.276,11 euros ive incluído.
Anualidade 2016: 40.368,15 euros ive incluído.
Anualidade 2017: 10.092,04 euros ive incluído."

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMGZIOMN	<i>Expediente</i> CON/54/2014	<i>Fecha</i> 19-03-15 10:49

Enteirados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:

Adxudicar o contrato de referencia a favor de **SERVALBRO, S.L.**, que oferta unha porcentaxe do 25% a aplicar sobre o importe de todos os cobros realizados en período voluntario ou forzoso de pago, ao ser a máis vantaxosa das presentadas.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **050 15100 22708**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercizos orzamentarios:

Anualidade 2015: 30.276,11 euros IVE incluído.

Anualidade 2016: 40.368,15 euros IVE incluído.

Anualidade 2017: 10.092,04 euros IVE incluído.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO



Asdo: Manuel Martínez Varela

